

VER CONTIDOS
Febrero 2014

DESCARGAR
Xaneiro 2014



09 de setembro de 2014

Volver a titulares



O Grupo de Brassicas da Misión Biolóxica de Galicia obtivo uns primeiros resultados moi prometedores en dúas liñas celulares de cancro de próstata para dous compostos isotiocianatos



O proceso de enlatado é o que mellor conserva a capacidade antioxidante de grelos e berzas

Así o comprobaron o CSIC e A Rosaleira no marco do proxecto Galiat 6+7, unha iniciativa de I+D+i impulsada por seis empresas e sete grupos científicos, e posta en marcha co fin de contribuír a que o sector agroalimentario galego sexa considerado como recurso endógeno de primeira magnitude.

O CSIC e A Rosaleira comprobaron que **o enlatado é o proceso que mellor conserva nos grelos e berzas os compostos fenólicos**, que actúan como **antioxidantes**. A concentración destes compostos resulta beneficiosa para a saúde xa que **retrasa de forma natural o envellecemento**. Esta é unha das conclusións do estudo do efecto na composición nutricional dos distintos métodos de procesado levado a cabo polo **Grupo de Brassicas da Misión Biolóxica de Galicia-CSIC**, que tamén analizou o procedemento de conxelado, envasado en cristal e ao vacío.

A segunda vía de investigación centrouse en comprobar o **potencial efecto antitumoral** dos compostos denominados isotiocianatos presentes de forma singular nos cultivos de brásicas e que, ademais, contribúan a incrementar a eficacia de fármacos antitumorais. Os primeiros resultados dos ensaios *in vitro* realizados en dúas liñas celulares de cancro de próstata permitiron constatar que existen **resultados prometedores** para dous compostos isotiocianatos, posto que **inhibiron o crecemento das células cancerosas de maneira dependente da dose** e, ademais, estas moléculas **aumentaron a actividade dun fármaco antitumoral amplamente utilizado no tratamento deste tipo de patoloxía**. A investigación desenvolveuse en colaboración co **grupo do doutor Freire do Departamento de Farmacoloxía da Universidade de Santiago de Compostela**.

Plantas adultas

Outra das liñas de investigación realizouse para determinar que ciclo de cultivo é o máis axeitado e que momento do desenvolvemento da planta é o idóneo para realizar a colleita en campo co fin de **maximizar o contido en compostos nutricionais** en grelos e berzas, e conseguir unha achega eficaz na dieta. Para iso, realizáronse dous ensaios na parcela experimental da MBG-CSIC, comprobando que **as plantas adultas teñen un maior rendemento e unha concentración máis alta de compostos bioactivos** (vitaminas, glucosinolatos, fenólicos...). Tamén se determinou que **a colleita primavera-verán é especialmente indicada para o cultivo de berza e a de outono-inverno para a do grelo**.

Comentar noticia

Nome:

Comentario:

Enviar